

EXPEDIENTE:	2022/00003412H
PROCEDIMENTO:	Proxecto de urbanización

A Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria celebrada o 14 de novembro de 2022 adoptou o seguinte acordo:

Aprobación definitiva da Modificación do Proxecto de urbanización do SUP-1 (Romero Donallo)

A proposta é do seguinte teor literal:

O Proxecto de urbanización do Plan parcial do SUP-1 (Romero Donallo) aprobouse definitivamente pola Xunta de Goberno o 25 de febreiro de 2009.

A execución material das obras de urbanización iniciouse pola Xunta de Compensación no ano 2013, pero na actualidade atópanse paralizadas ao terse suscitado diversos problemas técnicos.

En decembro de 2020 o xefe do Servizo Municipal de Planeamento emitiu informe sobre a necesidade de realizar unha adaptación do Proxecto de urbanización en vigor, requiríndose á Xunta de Compensación a presentación do correspondente documento técnico.

Este documento de adaptación presentouse polo Presidente da Xunta de Compensación do SUP-1 o 21.01.2022, e obtivo o informe técnico favorable do xefe do Servizo de Planeamento, asinado o 25.03.2022, no que se describen polo miúdo as adaptacións propostas.

As modificacións propostas non alteran o contido substancial do proxecto de urbanización aprobado e en vigor, pero conlevan reformas puntuais en case todos os capítulos de obras e servizos, polo que se estimou axeitado aplicar o procedemento regulado no artigo 226.2 do Regulamento de desenvolvemento da Lei do Solo de Galicia.

O documento aprobouse inicialmente pola Xunta de goberno o 28 de marzo de 2022 e someteuse a **información pública** durante o prazo dun mes, con citación persoal dos propietarios dos terreos afectados e anuncios que para o efecto se publicaron no xornal *El Correo Gallego* e no Boletín Oficial da Provincia o día 21 de abril de 2022.

Durante o trámite de información pública solicitáronse os **informes de todas as empresas subministradoras de servizos**, obténdose resposta expresa por parte de VIAQUA, UFD Distribución Electricidad, e NEDGIA.

Con data 7 de setembro de 2022 o arquitecto director das obras de urbanización, don Luis Lugo Vidán, presentou un informe no que da conta do resultado das consultas ás empresas subministradoras, e xustifica as solucións adoptadas no cumprimento dos criterios sinalados polos servizos técnicos municipais.

Acompaña ao informe un **plano modificado (PGS.01)**, no que se diferencian varias fases ou áreas de urbanización:

- Unha primeira fase, que abrangue os espazos públicos a urbanizar pola Xunta de Compensación dentro dos 18 meses seguintes á aprobación definitiva do proxecto.
- Ámbitos de urbanización accesoria, a executar con carácter simultáneo á edificación das respectivas parcelas afectadas; para a execución destas obras de urbanización establécese un prazo máximo de 3 anos, contado dende a recepción da fase 1.

No expediente consta **aval bancario** inscrito no Rexistro especial de avais co número 8916/2022, cun importe de 495.012,94 euros, presentado pola Xunta de Compensación para garantir a execución das obras de urbanización do SUP-1.

O arquitecto Xefe do Servizo de Planeamento emitiu informe favorable, no que se xustifican as solucións adoptadas e se propón aprobar definitivamente o proxecto modificado, incorporando o plano reformado PSG-01.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse á Xunta de Goberno Local, que adopte os seguintes acordos:

- a) Aprobar definitivamente a modificación do Proxecto de urbanización do SUP-1 (Romero Donallo), coas seguintes reformas respecto do aprobado inicialmente:
 - O plano PSG-01 substitúese polo presentado o 7.09.2022
 - As obras de urbanización dos espazos libres privados de uso público nos quinteiros M1-M2 definiranse nun proxecto de obras complementario ao de edificación dos citados quinteiros
- b) Requirir á Xunta de Compensación que presente un DOCUMENTO REFUNDIDO no que se integren as reformas anteriormente sinaladas.

Con carácter previo ao inicio das obras que afecten ás zonas de protección doutras administracións (augas, estradas, patrimonio cultural), a Xunta de Compensación deberá obter as autorizacións que sexan preceptivas segundo a normativa sectorial aplicable.

A Xunta de Goberno Local acorda:

- a) Aprobar definitivamente a modificación do Proxecto de urbanización do SUP-1 (Romero Donallo), coas seguintes reformas respecto do aprobado inicialmente:
 - O plano PSG-01 substitúese polo presentado o 7.09.2022
 - As obras de urbanización dos espazos libres privados de uso público nos quinteiros M1-M2 definiranse nun proxecto de obras complementario ao de edificación dos citados quinteiros

- b) Requerir á Xunta de Compensación que presente un DOCUMENTO REFUNDIDO no que se integren as reformas anteriormente sinaladas.

Con carácter previo ao inicio das obras que afecten ás zonas de protección doutras administracións (augas, estradas, patrimonio cultural), a Xunta de Compensación deberá obter as autorizacións que sexan preceptivas segundo a normativa sectorial aplicable.